



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MUÍÑOS PARA A MELLORA DA PASARELA DO COMPLEXO TURÍSTICO-DEPORTIVO DO CORGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Muíños o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Muíños para a mellora da pasarela do complexo turístico-deportivo do Corgo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, establece que a Xunta de Galicia, propiciará unha ordenación racional, equilibrada e sustentable dos recursos turísticos co obxectivo de garantir o equilibrio territorial e, para conseguir este fin, establecerá as pertinentes canles de cooperación con outras administracións tanto estatais como autonómicas e locais, así como co sector privado.

A Axencia Turismo de Galicia é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo; e ten entre os seus obxectivos básicos levar a cabo accións de potenciación e desenvolvemento do turismo na Comunidade Autónoma de Galicia, como un factor de crecemento económico, polo que entre as súas prioridades está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen conseguir este obxectivo.





Segundo.- As entidades locais teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 25.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, competencias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Terceiro.- Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 7/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, está a de cooperación e colaboración, as cales se poden levar a cabo mediante a formalización de convenios, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio ás iniciativas das entidades locais.

Cuarto.- O Concello de Muíños ten no seu complexo turístico-deportivo “O Corgo” unha serie de instalacións que precisan unha serie de reformas para conseguir mellorar a imaxe de todo o conxunto. Esta zona conta cunha área recreativa no Parque de Outeiro da Cela situado no encoro das Conchas. Conta cunha superficie de 26 Ha, ten dúas praias fluviais, merendeiros, bar e outros servizos. Efectuouse nel unha importante repoboación, coa plantación de máis de 30.000 árbores de 60 especies diferentes. O concello pretende mellorar a pasarela que conecta as diferentes instalacións que compoñen o dito complexo: camping, Centro de Acollida de visitantes do complexo, albergues, Centro de Interpretación do Parque Natural (Porta de Muíños), hangar de embarcacións, pantalán, etc. A pasarela que ten unha lonxitude de 65 metros e un ancho de 1,5 m.

Quinto.- As actuacións que se levarán a cabo serán as seguintes:

- Levantado varandas e/ou solado a man

Levantado de varandas de calquera tipo, por medios manuais, incluso limpeza e retirada de escombros a pé de cargo, limpeza e transporte de escombros a vertedoiro e xestión de residuos.

- Mellora do solado e embelecemento da pasarela

Substitución das partes deterioradas do solado e creación dunha imaxe corporativa e vangardista do Concello de Muíños dándolle un contido ó percorrido a base de arcos ou tensores coa incorporación do nome e/ou escudo do concello.





- Instalación dunha varanda tubo 100 cm de altura con tubos ocós de aceiro laminado en frío, con pasamáns sobre montantes verticais con prolongación para anclaxe, verticais de tubo sobre horizontais soldados entre si, alternando partes opacas e semiopacas de chapa.

Quinto.- A Axencia entende que é de interese público colaborar para a execución do obxecto antes descrito, que este proxecto supón a posta en valor dos recursos turísticos do concello, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma, o que incide na promoción e potenciación do Turismo en Galicia, non sendo posible promover a concorrencia, por ser o concello a entidade impulsora da actuación.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Muíños unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

